

CLUBS DE LECTURA (2015-2016)

Índice

INTRODUCCIÓN.....	2
Gráfica 1. Tipoloxía de centro.....	3
Gráfica 2. Porcentaxe de centros integrados segundo a súa tipoloxía.....	3
ORGANIZACIÓN E PERIODICIDADE.....	4
Gráfica 3. Periodicidade.....	4
LINGUAS E TEMÁTICAS.....	5
Gráfica 4. Títulos lidos por Idioma.....	5
Gráfica 5. Xéneros.....	6
ACTIVIDADES.....	6
Gráfica 6. Actividades.....	6
Táboa 1. Encontro cos autores.....	7
COLABORACIÓNS ENTRE OS CLUBS.....	9
PRODUCCIÓN E MATERIAIS E DIFUSIÓN.....	9
Táboa 2. Autores/as máis lidos - Curso 2015/2016.....	10
Táboa 3. Os 50 títulos máis lidos - Curso 2015/2016.....	11


INTRODUCCIÓN

O **club de lectura** é unha actividade integrada no programa ***Hora de ler*** que promove a participación dun grupo de lectores e lectoras para compartir as súas experiencias coa lectura, coa mediación dunha persoa adulta. ***Hora de ler*** é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e O. U., creada no 2006 pola D. X. de Centros e RR.HH., a prol do fomento da lectura no ámbito escolar e vinculada ás bibliotecas escolares.


Os clubs de lectura considéranse unha das fórmulas de maior interese para o fomento da lectura, en xeral, e entre os adolescentes en particular, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas.

É unha práctica de socialización e creación de comunidades de intereses, ao redor dos libros e da lectura, avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros, coa participación nalgúns casos de pais, nais, e outros membros da comunidade escolar, sempre coordinados por un profesor ou profesora. Unha boa parte dos clubs de lectura albergan máis dun grupo de lectura, dado o elevado número de integrantes do club. Habitualmente estes grupos se organizan en función da idade o nivel de ensinanza.

O presente informe foi elaborado a partir dos datos obtidos da valoración das 239 memorias presentadas polos Clubs de lectura dos centros educativos que se acolleron á convocatoria anual de **Clubs de Lectura** para os centros de titularidade pública que imparten ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, pero tamén Centros integrados de formación profesional, Escolas permanentes de Adultos (nas que están integrados tres centros penitenciarios e que conforman o 60% dos centros desta tipoloxía), EOI (10 das 11 existentes) e Conservatorios de Música.



Gráfica 1. Tipoloxía de centro




Gráfica 2. Porcentaxe de centros integrados segundo a súa tipoloxía

ORGANIZACIÓN E PERIODICIDADE

No curso 15/16, no conxunto dos 239 centros adheridos ao programa, constituíronse **782 grupos**, moderados por 631 profesores e profesoras. O alumnado participante foi de aproximadamente 9500 persoas, tanto xoves como adultos. Ademais hai que engadir 411 docentes que tamén formaban parte dos Clubs de lectura. En total, os clubs de lectura vincularon a preto de 11,000 persoas.

Os grupos reúnen fundamentalmente en **horario** non lectivo, nos recreos (156 clubs) pero tamén sobresaen aqueles grupos que se reúnen en horario extra-escolar (101 clubs). Un dos momentos máis recorridos é o tempo de mediodía, entre a clase da mañá e tarde que permite ao club comer e falar en torno aos libros.


En canto á **periodicidade**, semanal (66), quincenal (51) e mensual (65) son as máis frecuentes. Só 9 se reúnen trimestralmente e 48 teñen periodicidade mixta.



Gráfica 3. Periodicidade

LINGUAS E TEMÁTICAS

O alumnado le en diferentes **linguas**. En galego foron 1221 títulos (47,16%); en castelán, 1209 (46,7%); en francés, 53; en inglés, 48; en portugués, 33; en italiano, 22 e en alemán, 3. Esta presenza de linguas ten que ver, tamén, coa adhesión das escolas oficiais de idiomas ao programa.




Gráfica 4. Títulos lidos por Idioma

O 24% dos clubs de lectura teñen un **club temático**, sobre todo de banda deseñada (tamén de Manga e Anime), poesía, de textos vinculados á ciencia (ciencia, matemáticas, tecnoloxía, muller e ciencia), historia (novela histórica), mitoloxía, literatura universal.

Amais do dito anteriormente, as lecturas poden ser en torno a diferentes temáticas como *Lendo o mundo*, *Literatura e deporte*, *Mulleres e música*, *Igualdade de xénero*, *Amor, sexo e xénero*, *novela negra (novela de misterio e suspense, misterio e medo, terror, Novela negra e thriller, , números e crime)*, *Novela de aventuras*, *danza e artes escénicas*, *Océano Atlántico*, *emigración*.


Por **xéneros**, a novela é a preferida dos clubs. Entre os 50 títulos máis lidos, 42 eran novelas (84%), 4 de banda deseñada, 2 de poesía e 2 de teatro.



Gráfica 5. Xéneros

ACTIVIDADES

Con respecto ás **actividades** que se desenvolven nos clubs de lectura, ademais da propia lectura e posterior posta en común, pódense diferenciar aquelas que se desenvolven no propio centro como poden ser obradoiros de escrita (45 clubs), obradoiros de banda deseñada (21 clubs), representacións teatrais (32 clubs), cine ou cinefórum (82 clubs) ou recitais (49 clubs).



Gráfica 6. Actividades

O **encontro cos autores** é unha das actividades con máis éxito nos clubs. Nesta actividade xa comeza a empregarse a videoconferencia como posibilidade de encontro. Durante este curso 84 clubs tiveron a visita de escritores e escritoras que se recollen na seguinte táboa:

Escritoras/es	
Andrea Maceiras	Ledicia Costas
Darío X. Cabana	Manuel Núñez Singala
Elena Gallego	María Reimóndez
Fran P. Lorenzo	Pedro Feijoo
Miguel Anxo Fernández	Manuel Portas
Antón Riveiro Coello	Sabela González
Manuel Seixas	Xabier Quiroga
Manuel Lourenzo González	Francisco Castro
Santiago Lopo	Care Santos
Berta Dávila	Alfredo Gómez Cerdá
Anxo Angueira	Saleta Goi
Héctor Cajaraville	Helena Villar
Xesús Rábade Paredes	Leonardo Padura
Ramón Caride	Antonio Lozano
Fernando Lalana	Mónica Rodríguez
Francisco Álvarez "Koki"	Manuel Iglesias Turmes
Miguel Gallardo	Pedro Ramos
Jordi Sierra i Fabra	Gonzalo Moure
Concha Blanco	Anxo Fariña
Teresa Moure	Xesús Fraga
Iria Collazo	Pedro Moura
Manrique Fernández	Sonia Mirón
Xesús Constela Doce	Sabela Núñez Singala
Maria Canosa	Marcos Calveiro
Yolanda Castaño	Diego Ameixeiras
Manuel Blanco	Marta Dacosta
Érica Esmorís	Henrique Dacosta
Luís Dávila	Jorge Mira
Ánxela Gracián	Daniel Díaz
Emilio Gancedo	Mercedes Leobalde

Táboa 1. Encontro cos autores

Outras das actividades que se desenvolveron foron os **apadriñamentos lectores** (en 12 clubs), tanto no propio centro como con outro centro, normalmente de primaria. Os apadriñamentos lectores son unha fórmula excelente de promover a lectura entre iguais, onde un alumno/a de maior idade le a un alumno/a de menor idade, favorecendo a lectura expresiva.

Un total de 82 clubs organizaron actividades en torno ao **cine**: cinefórum, asistencia ao cine ou diferentes festivais (Festival de Curtas, Playdoc ou Festival de Cans). A máis desenvolvida foi a de visionado de fragmentos de películas vinculadas ás diferentes lecturas, ben porque existía unha versión cinematográfica ou porque a temática era de interese para o club. Un caso especial foi o da versión cinematográfica d' *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor, que posibilitou o achegamento do alumnado ás sesións no cine ou tamén a d' *A praia dos afogados* de Domingos Villar, que facilitou encontros con algún dos actores do filme. Hai blogs de bibliotecas que teñen unha sección propia de cine , onde van recomendando e comentando películas vinculadas ao club.

En canto ao **teatro**, 32 clubs fan dinamización deste xénero, ben como actividade do centro, con pequenas representacións ou lecturas dramatizadas, ou como asistentes a representacións teatrais. En canto ás actividades que se desenvolven fóra do recinto escolar podemos atopar as seguintes:

Os **roteiros literarios** adoitan ser de dous tipos, ben nos espazos vitais dos escritores ou ben a través de diferentes obras. A casa museo de Manuel María foi o lugar máis visitado polos clubs de lectura debido á homenaxe do Día das letras galegas. En total 12 clubs, visitaron Outeiro de Rei ou Monforte. A cidade de Vigo é visitada a través das obras de *Cabalos e Lobos*, *Ollos de auga* ou os espazos de Jules Verne. Lugo aparece vinculado aos Contos de Medo no Museo pero tamén á obra de Jaureguizar *O veneno da risa* ou ao outono literario. En Santiago de Compostela fanse percorridos literarios e culturais (Alameda: Rosalía Castelao e Valle-Inclán), visitase o Museo do Pobo Galego-Panteón de Galegos Ilustres (Rosalía, Cabanillas, Castelao, Brañas, Asorey e Fontán), Parque de Bonaval (Bernal de Bonaval), Cidade da Cultura.). Por Pontevedra decorreu o roteiro Castelao e visita á exposición "*Castelao Artista. Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*" no Museo de Pontevedra. Tamén un club viaxou a Penarrubia e a Santa Eulalia de Bóveda , despois de ler o libro *Vento e chuvia* de Manuel Gago. Outro visitou o Baixo Miño con *Bieito Dubidoso* de Roque Cameselle. Alén das nosas fronteiras, algún club visitou Urueña, outro Segovia, Sevilla. Outros clubs fixeron a visita á casa de Camilo Castelo Branco en Portugal.

A **colaboración con outras bibliotecas** e entidades, establécese fundamentalmente coas bibliotecas municipais, a través do préstamo de libros, de visitas, e en menor medida, participando nas súas actividades como pode ser algún club de lectura ou presentacións de libros.

As visitas a bibliotecas públicas e municipais son actividades frecuentes nos clubs: a Biblioteca municipal de Valença de Minho, Juan Compañel e Biblioteca Neira Vilas (Vigo), BM de Ribadavia, BM Rialeda en Oleiros, Biblioteca Pública de Pontevedra, Biblioteca Ánxel Casal en Santiago; bibliotecas universitarias como a Biblioteca da Facultade de Ciencias Sociais en Pontevedra, a da Facultade de Historia da Universidade de Santiago ou a Biblioteca América, tamén en Santiago.

Algúns clubs adoitan **visitar librarías**, fundamentalmente das cidades Entre as finalidades, están coñecer as librarías (algunhas temáticas, de cómic ou con fondo feminista), achegarse ás novidades ou seleccionar fondos para a biblioteca escolar. Para os que se achegan a Porto, é obrigada a visita á Livraría Lello e Irmão .

COLABORACIÓNS ENTRE OS CLUBS

Os clubs adoitan **colaborar entre eles**. Algunhas están xa consolidadas no tempo como a das Tertulias de Allariz, o grupo DADO na Coruña ou a do IES Porto do Son co IES Aquis Celenis (coas súas visitas a Portugal), e outras son máis puntuais, como o profesorado que promove encontros entre os clubs, aínda que mude ano a ano. Obsérvase tamén o incremento dos clubs que se reúnen por proximidade xeográfica, outros por un club temático como o manga (IES Alexandre Bóveda e IES Álvaro Cunqueiro de Vigo co IES As Barxas de Moaña) ou por unha actividade determinada, como *Tui le*, *Lemos le* ou o *Proxecto Dragal*. Tamén existe un Club de lectura interxeneracional entre alumnos e persoas maiores en Afundación (Lugo). Así e todo , o maior contacto entre clubs adoita facerse a través do banco de libros denominado [Libros a oito](#).

PRODUCCIÓN E MATERIAIS E DIFUSIÓN

En canto á **producción de materiais**, bastantes clubs elaboran presentacións (ppt, prezzi, ...) para achegar aos integrantes a lectura (autor ou obra). Tamén se elaboran por parte dalgúns clubs booktrailers, videoocreacións, videopoemas, videoanimacións ou vídeos resumo das actividades. En menor medida, utilizan o podcast..

A **difusión das actividades** adoita facerse a través do blog propio ou a través do blog da biblioteca. Na actualidade tense constancia de 128 webs de clubs de lectura (53,55%).

Collen tamén forza as redes sociais (grupos de whatsapp, facebook ou twitter) como medios de difusión (ou mesmo de convocatoria) das actividades desenvolvidas polo club.

O uso do **libro electrónico** ten moita presenza nos clubs de lectura. Así e todo só 6 clubs indicaron na memoria que utilizan este dispositivo

Por último, o profesorado foi convocado a unha actividade de encontro e formación, como en anos anteriores, denominada *IX Xornada dos Clubs de lectura* que se desenvolveu o 10 de xuño de 2016 no Palacio de Congresos de Santiago.

Autores/as máis lidos nos Clubs de lectura Curso 2015/2016

Nº orde	Autor/a	Títulos lidos (entre todos os clubs)
1	Agustín Fernández Paz	98
2	Ledicia Costas	70
3	Manuel María	61
4	René Goscinny	46
5	Jordi Sierra i Fabra	39
6	Miguelanxo Prado	31
7	Pedro Feijoo	29
8	Manuel Núñez Singala	29
9	Domingo Villar	29
10	Andrea Maceiras	26
11	Ágatha Christie	25
12	Xosé Neira Vilas	25
13	Manuel Rivas	25
14	Paco Roca	24
15	Carlos Negro	23
16	Marcos Calveiro	22
17	María Reimóndez	21
18	Francisco Castro	20
19	Elena Gallego Abad	20
20	César Mallorquí	20
21	Fran Alonso	19
22	Roald Dahl	19
23	Anxo Fariña	19
24	John Green	19
25	Edgar Allan Poe	18
26	Fina Casalderrey	18
27	J.R. Palacio	18
28	Laura Gallego García	17
29	Mark Haddon	17
30	Jacqueline Kelly	17
31	Xabier Puente Docampo	17
32	Antón Riveiro Coello	16
33	J.D. Salinger	16
34	Art Spiegelman	16
35	Rosa Aneiros	15
36	Berta Dávila Fernández	15
37	Alfredo Gómez Cerdá	15
38	Carlos Ruíz Zafón	15
39	Marina Mayoral	14
40	Dolores Redondo Meira	14

Os 50 títulos máis lidos nos Clubs de Lectura de ensino secundario no curso 2015/2016				
Autor/a	Título	Clubs	Gal.	Cast.
Ledicia Costas	<i>Escarlalina, a cociñeira defunta</i>	25	25	0
Paco Roca	<i>Engurras</i>	22	20	2
Ledicia Costas	<i>O corazón de Xúpiter</i>	19	19	0
Andrea Maceiras	<i>Europa express</i>	19	19	0
Xosé Neira Vilas	<i>Memorias dun neno labrego</i>	19	19	0
Mark Haddon	<i>O curioso incidente do can á medianoite</i>	17	12	5
J.R. Palacio	<i>La lección de August</i>	17	0	17
Agustín Fernández Paz	<i>Cartas de inverno</i>	16	16	0
Miguelanxo Prado	<i>A mansión dos Pampín</i>	16	16	0
Domingo Villar	<i>A praia dos afogados</i>	16	16	0
César Mallorquí	<i>As lágrimas de Shiva</i>	15	9	6
J.D. Salinger	<i>O vixía no centeo</i>	15	11	4
Pedro Feijoo Barreiro	<i>A memoria da choiva</i>	14	14	0
Agustín Fernández Paz	<i>A neve interminable</i>	14	14	0
Berta Dávila Fernández	<i>O derradeiro libro de Emma Olsen</i>	13	13	0
Jackeline Kelly	<i>A evolución de Calpurnia Tate</i>	13	11	2
Carlos Negro Romero	<i>Penúltimas tendencias</i>	13	13	0
Domingo Villar	<i>Ollos de auga</i>	13	13	0
Manuel María	<i>Terra Chá</i>	12	12	0
Philippe Claudel	<i>A neta do señor Linh</i>	11	9	2
Elena Gallego Abad	<i>Dragal I. A herdanza do dragón</i>	11	11	0
Manuel Núñez Singala	<i>O achado do castro</i>	11	11	0
Care Santos	<i>Mentira</i>	11	11	0
Art Spiegelman	<i>Maus. Relato dun supervivente</i>	11	3	8
Manuel Núñez Singala	<i>Instrucións para tomar café</i>	10	10	0
Marjane Satrapi	<i>Persépole</i>	10	5	5
John Boyne	<i>O neno do pixama a raiais</i>	9	3	6
Ray Bradbury	<i>Fahrenheit 451</i>	9	4	5
Marcos Calveiro	<i>O pintor do sombreiro de malvas</i>	9	9	0
Agatha Christie	<i>Dez negriños</i>	9	3	6
John Green	<i>Bajo la misma estrella</i>	9	0	9
Marina Mayoral	<i>Tristes armas</i>	9	9	0
Annabel Pitcher	<i>Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea</i>	9	0	9
Xabier Puente Docampo	<i>Cando petan na porta pola noite</i>	9	9	0
Antoine Saint-Exupéry	<i>O principión</i>	9	7	2
Kresmann Taylor	<i>Enderezo descoñecido</i>	9	9	0
Jose Mauro de Vasconcelos	<i>A miña planta de laranxa lima</i>	9	9	0
Isabel Allende	<i>La ciudad de las bestias</i>	8	0	8
Agatha Christie	<i>A rateira</i>	8	3	5
Pedro Feijoo Barreiro	<i>Morena, perigosa e románica</i>	8	8	0
Agustín Fernández Paz	<i>Contos por palabras</i>	8	8	0
Anne Frank	<i>O diario de Ana Frank</i>	8	4	4
Dolores Redondo	<i>O gardián invisible</i>	8	5	3
Antón Riveiro Coello	<i>Os elefantes de Sokúrov</i>	8	8	0
Carlos Ruíz Zafón	<i>El príncipe de la niebla</i>	8	0	8
Ledicia Costas	<i>Un animal chamado néboa</i>	7	7	0
Pedro Feijoo Barreiro	<i>Os fillos do mar</i>	7	7	0
Agustín Fernández Paz	<i>O único que queda é o amor</i>	7	7	0
Agustín Fernández Paz	<i>Aire negro</i>	7	7	0
Agustín Fernández Paz	<i>A viaxe de Gagarin</i>	7	7	0

Táboa 3. Os 50 títulos máis lidos - Curso 2015/2016